



Club Waterpolo Pontevedra

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
c/Benito Corbal, 45 Planta 4 Local 13
36001 Pontevedra
info@waterpolopontevedra.com
Tlf. 604 002 018 | waterpolopontevedra.com | @WP_Pontevedra

COMUNICADO OFICIAL DEL CW PONTEVEDRA

En Pontevedra, a 05 de febreiro de 2024

Mediante este comunicado, eu D. José Ángel Tellería Couñago, anuncio a miña renuncia e dimisión con efecto inmediato do cargo de Presidente do Club Waterpolo Pontevedra por motivos persoais e profesionais. Consecuentemente, e cumprindo cos estatutos do club, procederáse á convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria e á apertura do prazo para a presentación de candidaturas á presidencia.

Trátase dunha decisión moi meditada e que xa está tomada desde fai uns meses como ben sabe a Xunta Directiva, pero chegou o momento de facela efectiva, pensando sempre no mellor para os intereses do club e sen que este paso supoña un problema na xestión do día a día da nosa entidade. Unha vez que a actual temporada xa está totalmente encauzada e os principais trámites administrativos e de organización de competicións están cubertos, é o momento máis adecuado para dar o relevo a un novo equipo directivo que teña marxe de tempo para reflexionar, planificar e conformar a dirección do club para o futuro máis inmediato.

A vida consiste en ir vivindo etapas, paso a paso e disfrutando co camiño do mellor xeito posible. Para min, este ciclo chegou ó seu fin e a miña obriga, sendo honesto co club e con toda a familia do wáter-polo de Pontevedra, é dar un paso atrás xa que nas circunstancias actuais non podo dedicarlle o tempo, a enerxía e todos os esforzos que son precisos para seguir desempeñando as funcións de presidente do mellor xeito posible para os intereses do club.

Non quero deixar pasar a oportunidade para transmitirle ó resto da Xunta Directiva que me acompañou estes últimos anos o seu traballo, tempo e dedicación incansable e inestimable en beneficio do club como único obxectivo. Seguro que boa parte deles seguirán á fronte do club e poderán aportar a súa experiencia, coñecementos e amor polo club para levalo a novas cotas de éxito e dar continuidade á senda de crecemento do wáter-polo na ría de Pontevedra.

E por suposto, o meu máis profundo agradecemento a todas as persoas que forman parte desta gran familia do CW Pontevedra por darme a vosa confianza para dirixir este proxecto estes últimos anos. Desde que entrei no club alá polo verán do 2011, sentín que este era un club especial e que non podía elixir mellor lugar para fomentar o crecemento persoal e deportivo dos meus fillos. Un club moi familiar, próximo e accesible onde era fácil sentirte para del. Primeiro como pai, logo como directivo e finalmente como presidente, sempre tratei de corresponder e aportar o meu gran de area para devolverlle ó club o que o club me estaba aportando a min.

Por último, recordar que este club é e sempre será o que os seus socios e deportistas queiran que sexa. Como club familiar que é, sen capacidade para asumir a profesionalización da súa xestión, a implicación de todos e todas na xestión e operativa do día a día é fundamental para que todo poida organizarse e poñerse en marcha de xeito eficaz e eficiente. Nese sentido, creo que é o momento para que novas persoas se integren e impliquen na dirección do club e axuden a que o proxecto teña continuidade e a nosa canteira poida seguir facendo o que lles gusta, que non é outra cousa que xogará wáter-polo.

Cos meus erros e os meus acertos, cos malos momentos pero sobre todo con bos, foi toda unha honra e pracer representar a este club durante estes últimos anos e a maleta de recordos que me levo é inmensa. Por suposto, seguirei sendo socio do CW Pontevedra e estarei disposto a botar unha man no que sexa posible polo futuro desde gran club.

Moitas grazas a todos/as. Unha aperta moi grande e ata sempre!!



José Angel Tellería Couñago